




XUNTA
DE GALICIA



ENSINANZAS
ARTÍSTICAS

PLAN EDUC—ART

ANTECEDENTES

CONTEXTO

OFERTA E MATRÍCULA

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

LIÑAS DE ACTUACIÓN

MEDIDAS

ANTECEDENTES

»» Galicia ten unha **traxectoria de máis de 40 anos** nas ensinanzas artísticas.

»» Coa publicación da **Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia**, a Xunta asume as competencias en materia de educación, concretamente na regulación da administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e grados, modalidades e especialidades.

»» No ano 1990, coa publicación da **Ley Orgánica 1/1990, do 3 de outubro (LOXSE)** regúlanse por primeira vez as ensinanzas artísticas, sendo consideradas de réxime especial.

»» Coa **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE)** supón unha modernización e actualización das ensinanzas artísticas, con novos currículos na súa práctica totalidade.

»» Na primeira década dos **anos 2000** prodúcese importantes avances na Comunidade Autónoma coa **incorporación de novos centros e ensinanzas** ata chegar á actual rede de centros

»» Coa recente publicación da **Lei 1/2024, do 7 de xuño**, pola que se regulan as ensinanzas artísticas superiores e se establece a organización e equivalencias das ensinanzas artísticas profesionais ábrese un novo abano de posibilidades, posibilitando que nos próximos anos se produzan avances históricos nestas ensinanzas.

CONTEXTO

- »» A comunidade autónoma de Galicia constitúese nos derradeiros anos como un **referente a nivel nacional** no eido das ensinanzas artísticas
- »» Nos derradeiros vinte anos a **matrícula** nas ensinanzas artísticas **incrementouse máis dun 100%**, pasando de arredor de 3.000 alumnas e alumnos a máis de 6.200 no presente curso 2025/26, seguindo unha evolución ascendente.

ÚLTIMOS 20 ANOS

3.000
ALUMNOS



+6.200
ALUMNOS



CONTEXTO



Enseñanzas artísticas



ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO



Oferta: nova promoción de alumnado do **ITINERARIO DUAL PIONEIRO DE XOIRÍA E COMPLEMENTOS**, así coma a oferta de novos ciclos formativos plurilingües a través do programa **PLURIART**.



Impártense nas **4 Escolas de Arte e Superiores de Deseño**:



EASD ANTONIO FAILDE




EASD MESTRE MATEO



EASD PABLO PICASSO



EASD RAMÓN FALCÓN



CONTEXTO



Ensinanzas artísticas

▶ ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

EASD ANTONIO FAILDE (OURENSE)	Ensinanzas Superiores de deseño	Ciclos formativos: <i>de grao superior (CFGS)</i> <i>ou de grao medio (CFGM)</i>	Oferta modular
	» Deseño Gráfico » Deseño de Interiores	» Ebanistería artística (CFGS) » Fotografía (CFGS) » Ilustración (CFGS)	
EASD MESTRE MATEO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	Ensinanzas Superiores de deseño	Ciclos formativos de Grao Superior	Oferta modular
	» Deseño de Moda » Deseño de Produto: <i>Itinerario xeral + Itinerario de xoiaría e complementos (carácter dual)</i>	» Fotografía (CFGS) » Técnicas escultóricas (CFGS) » Xoiaría artística (CFGS)	» Dourado e policromía
EASD PABLO PICASSO (A CORUÑA)	Ensinanzas Superiores de deseño	Ciclos formativos de Grao Superior	Oferta modular
	» Deseño Gráfico » Deseño de Interiores	» Dourado, prateado e policromía (CFGS) » Escultura aplicada ao espectáculo (CFGS) » Fotografía (CFGS) » Ilustración (CFGS)	» Cerámica artística » Técnicas escultóricas
EASD RAMÓN FALCÓN (LUGO)	Ensinanzas Superiores de deseño	Ciclos formativos de Grao Superior	Oferta modular
	» Deseño Gráfico » Deseño de Interiores	» Cerámica artística (CFGS) » Fotografía (CFGS) » Serigrafía artística (CFGM) » Gravado e Técnicas de Estampación (CFGS)	

CONTEXTO



Ensinanzas artísticas



CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS



Oferta: Impártense na Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia (Pontevedra)



Especialidades:




ESPECIALIDADE EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS ARQUEOLÓXICOS



ESPECIALIDADE EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE ESCULTURA



ESPECIALIDADE EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE PINTURA



ESCOLA DE CONSERVACIÓN
E RESTAURACIÓN DE BENS
CULTURAIS DE GALICIA

CONTEXTO



Ensinanzas artísticas

▶ ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA



» Impártense no Conservatorio Superior de Música de Vigo e no Conservatorio Superior de Música da Coruña.


» **Oferta:** nova promoción do novo **MÁSTER EN ENSINANZAS ARTÍSTICAS EN CREACIÓN, INTERPRETACIÓN E INVESTIGACIÓN MUSICAL**, primeiro máster en ensinanzas artísticas de Galicia do mesmo nivel dos másteres universitarios oficiais (MECES 3)

▶ ENSINANZAS SUPERIORES DE ARTE DRAMÁTICA



» Impártense na ESAD Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Vigo).

» **Oferta:** Dirección escénica e dramaturxia | Escenografía | Interpretación



CONTEXTO



Ensinanzas artísticas



ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE DANZA




Impártense no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo



Especialidades: Danza Clásica e Danza Contemporánea




ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA



Impártense nos sete Conservatorios de Música Profesionais



Oferta: máis de 20 especialidades instrumentais





MATRÍCULA



Ensinanzas artísticas



INCREMENTO DUN 1,5% NAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS RESPECTO AO CURSO 2023/24



INCREMENTO
1,5%



ALUMNOS/AS
6.250


OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS



**MELLORAR A
CALIDADE DAS
ENSINANZAS
ARTÍSTICAS**



**POÑER EN VALOR
E POTENCIAR AS
ENSINANZAS
ARTÍSTICAS**



**ACHEGAR AS
ENSINANZAS
ARTÍSTICAS Á
REALIDADE
ACTUAL**



**POTENCIAR A
RELACIÓN DAS
ENSINANZAS
ARTÍSTICAS CO
SECTOR PRODUTIVO**

LIÑAS DE ACTUACIÓN




**ACTUALIZACIÓN
NORMATIVA E**
IMPLEMENTACIÓN DOS
CAMBIOS DERIVADOS DA LEI
1/2024, DE 7 DE XUÑO



**MELLORA E
DIXITALIZACIÓN** DAS
ENSINANZAS ARTÍSTICAS



**ACTUALIZACIÓN E
MELLORA NA OFERTA
EDUCATIVA** DAS
ENSINANZAS ARTÍSTICAS



INNOVACIÓN



INTERNACIONALIZACIÓN
DAS ENSINANZAS



PROMOCIÓN E DIFUSIÓN
DAS ENSINANZAS
ARTÍSTICAS



**RECOÑECEMENTO
DA EXCELENCIA**



COLABOR-ART: POTENCIACIÓN
DOS VÍNCULOS DAS ENSINANZAS
ARTÍSTICAS CO MUNDO
LABORAL E EMPRESARIAL



LIÑAS DE ACTUACIÓN

ACTUALIZACIÓN NORMATIVA E IMPLEMENTACIÓN DOS CAMBIOS DERIVADOS DA LEI 1/2024, DE 7 DE XUÑO

- »» **Actualización da normativa nas ensinanzas artísticas profesionais e superiores** realizando as adaptacións necesarias que acheguen aos centros á realidade actual
- »» **Actualización do desenvolvemento curricular** nas distintas ensinanzas
- »» **Actualización da formación para a función directiva** nos centros que imparten ensinanzas artísticas
- »» **Actualización da normativa relativa á función docente** dos novos corpos creados pola Lei
- »» **Desenvolvemento do procedemento de acreditación de competencias** nas ensinanzas artísticas






LIÑAS DE ACTUACIÓN

MELLORA E DIXITALIZACIÓN DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS

- » **Admisión e matrícula online e mediante APP** na totalidade das ensinanzas artísticas.
- » **Redución da burocracia** nos centros (expedientes, certificados, títulos, comunicacións, etc.).
- » **Automatización dos procesos administrativos** mediante a incorporación da Intelixencia Artificial.
- » **Incorporación das tecnoloxías disruptivas nos procesos de aprendizaxe**, situando aos estudantes como centro do sistema, posibilitando unha formación e avaliación personalizada.





LIÑAS DE ACTUACIÓN

ACTUALIZACIÓN E MELLORA NA OFERTA EDUCATIVA

- » **Ampliación das prazas** para cursar ensinanzas artísticas profesionais e superiores, favorecendo unha oferta pública para o conxunto da sociedade galega
- » **Incorporación de novas especialidades** nas ensinanzas artísticas profesionais e superiores
- » **Implementación de novos programas de mestrado** nas ensinanzas artísticas superiores
- » **Desenvolvemento de novos programas de doutoramento** establecendo colaboracións e convenios interinstitucionais.
- » **Promoción da cultura e fomento das ensinanzas das Escolas de Música** de ámbito municipal e dependentes de asociacións sen ánimo de lucro



LIÑAS DE ACTUACIÓN

INNOVACIÓN

- »» **Creación do Programa PREMI-ART:** novos premios de innovación para as ensinanzas artísticas cos que se darán a coñecer os mellores proxectos
- »» **Potenciación da Intelixencia Artificial** e incorporación de novas contornas virtuais de aprendizaxe nos centros educativos
- »» **Formación especializada para a capacitación do persoal docente:** Tecnoloxías disruptivas – ámbitos específicos das ensinanzas – Metodoloxías innovadoras
- »» **Colaboración co Centro Galego da Innovación da Formación Profesional. Centro Eduardo Barreiros,** no desenvolvemento de proxectos de innovación e impulso do emprendemento
- »» **Dotación de ferramentas dixitais e tecnolóxicas**





LIÑAS DE ACTUACIÓN

INTERNACIONALIZACIÓN

- »» **Potenciación das ensinanzas plurilingües** mediante a creación de programas específicos de enseñanza en linguas estranxeiras
- »» **Implementación da Intelixencia Artificial xenerativa** na aprendizaxe de idiomas coa incorporación da ferramenta Vetinen nas ensinanzas artísticas
- »» **Promoción dos programas de internacionalización nos centros educativos:** ERASMUS+ - outros programas europeos – xornadas para docentes e alumnos – colaboración có CGIFP
- »» **Potenciación das estadías formativas:** Estadías destinadas ao alumnado das ensinanzas profesionais de Fotografía mediante convenio coa Fundación MOP – Novos convenios para a realización de Estadías Formativas





LIÑAS DE ACTUACIÓN

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

- » **INNOVART:** mostra das Ensinanzas de Réxime Especial de Galicia que serve de escaparate da calidade destas ensinanzas e orientación profesional e vocacional con máis de 7000 visitantes na derradeira edición. Prevense novas edicións con máis actividades e centros participantes, así como a presentación de proxectos Innovadores
- » **ESCÉNICA:** programa de representación de grandes obras escénicas (óperas, zarzuelas, ballets, teatro, musicais, etc) que requiren a colaboración dos centros de música, danza e arte dramática con outros centros e entidades para o seu desenvolvemento
- » **ENFÓCATE:** evento específico das ensinanzas de fotografía e imaxe no que se mostran as últimas novidades tecnolóxicas ao alumnado e profesorado
- » **DESPUNTE:** posta en valor das Ensinanzas Superiores de Moda e Produto coa celebración dun desfile de moda, no que colabora o alumnado con importantes firmas de moda
- » **Novos eventos de promoción** das distintas ensinanzas



LIÑAS DE ACTUACIÓN

RECOÑECEMENTO DA EXCELENCIA

- » Premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais de música, danza e artes plásticas e deseño
- » Premios extraordinarios fin de carreira nos Graos en Ensinanzas Artísticas Superiores
- » Premios á excelencia en colaboración con outras entidades, como o caso dos Premios á Excelencia Musical Mans Futuro que se outorgan anualmente en colaboración coa Fundación Paideia
- » Visibilización do alumnado que mostra excelencia no desenvolvemento dos seus estudos artísticos facilitando o seu coñecemento e difusión do seu traballo, dando a coñecer á totalidade da poboación os novos talentos na nosa Comunidade Autónoma





LIÑAS DE ACTUACIÓN

COLABOR-ART: POTENCIACIÓN DOS VÍNCULOS DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS CO MUNDO LABORAL E EMPRESARIAL

- » **Establecemento de convenios específicos** para potenciar os vínculos das ensinanzas artísticas co mundo laboral e empresarial ás prácticas do alumnado.
- » **Impulso da formación DUAL nas ensinanzas artísticas**, nas que Galicia foi pioneira no estado ao incorporar esta modalidade de ensinanza nos Estudos Superiores de Deseño de Produto en Xoiaría e Complementos.
- » **Colaboración e participación do persoal docente co sector empresarial** que permitan unha maior especialización e coordinación do ámbito educativo e laboral.
- » **Programa ARA-ART:** posta en marcha do programa para a acreditación da experiencia profesional e formación non formal nas ensinanzas artísticas na Comunidade Autónoma.
- » **Programas de difusión, información e formación específica** do procedemento entre o sector profesional, empresas, asociacións e outras entidades.

EDUC-ART

»» Desenvolvimento progressivo do 2025 ao 2030

2025 → 2026 → 2027 → 2028 → 2029 → 2030

4

**OBXECTIVOS
ESTRATÉGICOS**

8

**LIÑAS DE
ACTUACIÓN**

+35

**MEDIDAS
ESPECÍFICAS**

+10,4M€

**ORZAMENTO
TOTAL**

